

Actividades e publicacións da Real Academia Galega (RAG). *Reforma da normativa vixente.* — En decembro do 2003 apareceu a 18ª edición revisada das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, da Real Academia Galega (RAG) e o Instituto da Lingua Galega (ILG), que contén as modificacións da normativa aprobadas en sesión plenaria da Academia o 12 de xullo do 2003. Para realizar esa reforma a Academia nomeara unha Comisión de Estudo integrada por catro académicos numerarios, tres representantes dos Departamentos de Filoloxía Galega das tres Universidades de Galicia e un representante do ILG.

Desde a aparición da 1ª edición (outubro 1982) e a súa posterior oficialización pola Xunta de Galicia (novembro 1982), houbo disidentes desas *Normas* redactadas polo ILG e a RAG; mais despois de 20 anos de disidencia e de «loita fratricida», foise facendo evidente que a falta dun patrón idiomático único é unha pexa grave no proceso de normalización, nun momento en que diminúe de xeito alarmante a transmisión xeracional da lingua galega e o seu uso social.

A busca da concordia lingüística explica que na reforma do 2003 se introducisen aspectos asumibles doutras propostas normativas. Esta á razón de incluír solucións dobres, que nalgún caso xa estaba presente nas normas anteriores, pero se cadra non formuladas con claridade abonda. Como indica o presidente da RAG na presentación deste novo texto, esperamos «que sexan un punto de encontro para todos, o que nos permitirá avanzar decididamente no proceso de normalización da nosa lingua».

Día das Letras Galegas. — No 2003 a RAG celebrou a súa sesión extraordinaria do 17 de maio na vila de Noia, de onde era o poeta Avilés de Taramancos, homenaxeado ese ano no Día das Letras Galegas. E no 2004 a Academia desprazouse a Ourense, para celebrar os actos na honra de Xoaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, a quen se lle dedicou o Días das Letras. «Xocas» é autor da *Etnografía. Cultura material* (1962), editada en Buenos Aires como volume segundo da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo.

Trátase dun monumental estudo da arquitectura e da tecnoloxía dos labregos, dos artesáns e dos mariñeiros galegos, redactado co material que el mesmo recollera percorrendo Galicia a comezos da década de 1950, fundamentalmente. Moito do léxico tradicional, fundamental-

mente agrícola, recollido nesa *Etnografía* pasou —ou está a pasar— ó galego común, ás veces con acepcións figuradas por mor dunha ampliación semántica espontánea realizada en ensaios da xente da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos, pero que ás veces xa se documenta en Sarmiento ou nas tres coroas do Ruxurdimento galego.

Académicos numerarios e de honra. — Desde a última crónica, incorporáronse como académicos de número da RAG Camilo González Suárez-Llanos (decembro 2002), co discurso *Sobre a literatura galega: un achegamento subxectivo*; Manuel María Fernández Teixeiro (febreiro 2003), co discurso *A Terra Chá: poesía e paisaxe*, e recentemente falecido (setembro 2004); Rosario Álvarez Blanco, co discurso *Varietade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar* (xuño 2003); Víctor F. Freixanes, co discurso *Desafíos para un novo século. Entre a trabe de ouro e a paxariña da Armenteira* (febreiro 2004); e Xosé Luís Axeitos Agrelo, co discurso *A Academia no discurso exílico de Luís Seoane* (outubro 2004).

En maio do 2004 celebrouse a recepción como académico de honra de Giuseppe Tavani, que disertou sobre o tema *Unha provenza hispánica. A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular*, discurso publicado pola RAG, o mesmo cós citados anteriormente.

Académicos correspondentes do galego estremeiro. — Consonte co art. 1 dos seus Estatutos o obxectivo fundamental da RAG é o «estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego», entendendo por tal o «propio de Galicia, así como as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)» (art. 4).

Para colaborar en tarefas científicas da institución, especialmente en aspectos do galego falado nestas zonas do galego estremeiro, en sesión plenaria da RAG celebrada o 9 de outubro do 2004 foron nomeados académicos correspondentes o eonaviego Carlos Varela Aenlle, Héctor Silveiro Fernández do Bierzo galegófono e Felipe Lubián Lubián das Portelas de Zamora. Na mesma sesión tamén se nomeou correspondente a Domingus Frades Gaspar, dos somontes da cacereña Serra de Gata, onde se emprega, segundo Lindley Cintra, un «falar tamén esencialmente galego».

A Academia ten previsto celebrar unha sesión extraordinaria e pública en decembro do 2004 con intervención dos catro novos académicos correspondentes. [F. F.-R.]

ACTIVIDADES E PUBLICACIÓNS DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (ILG)

Simposios. — Na primavera do 2001 o ILG da Universidade de Santiago de Compostela organizou o Simposio *Dialectoloxía e Léxico*. Os relatorios recolléronse no volume *Dialectoloxía e Léxico* (2002), preparado por Rosario Álvarez, Francisco Dubert García e Xulio Sousa Fernández e editado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega e o ILG.

— No mes de novembro do 2002 o ILG organizou o Simposio *Léxico e estandarización en Galicia*. Os relatorios publicáronse en María ÁLVAREZ DE LA GRANJA / Ernesto Xosé GONZÁLEZ SEOANE (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega, 2003, 605 p.

Este volume contén contribucións de M. Teresa Cabré (a neoloxía, inevitable e necesaria), Johannes Kabatek (o *ausbau* dunha lingua), Antón Santamarina (a elaboración do *Vocabulario ortográfico da lingua galega*), Benigno Fernández Salgado (pureza e contaminación na estandarización), Xulio Sousa Fernández (léxico dialectal e estandarización), María Álvarez de la Granja (fraseoloxía e estándar), Ernesto Xosé González Seoane (estandarización do léxico en

Galicia), Henrique Monteagudo (norma léxica do galego culto), María do Carme González Bueno e María dos Anxos Sobrino Pérez (léxico agrícola e ampliación semántica), Francisco Fernández Rei (léxico mariñeiro e construción do estándar), Moisés Barreiro Comedeiro e Fátima Rodríguez Ruibal (léxico medieval e galego moderno), María Dolores Sánchez Palomino (dicionarios e difusión da variedade estándar), Xusto A. Rodríguez Río (préstamos e produción lexicográfica e terminográfica), Luís Daviña Facal (léxico científico e tecnolóxico nos dicionarios) e Eloi Gestido de la Torre e Xosé María Gómez Clemente (neoloxía e dicionarios). Tamén se editan as intervencións de Xosé M. Carballeira, Manuel González González e Xosé A. Pena Romay correspondentes a unha mesa redonda sobre proxectos lexicográficos en curso.

— No outono do 2003 celebrouse o Simposio *Variación e prescrición*, igualmente organizado polo ILG. As correspondentes actas, preparadas para a súa edición por Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo, prevese que aparezan no mes de novembro do 2004.

— Entre o 4 de novembro e o 3 de decembro do 2004 vaise celebrar na Universidade de Santiago de Compostela un novo Simposio do ILG, *Lingua e Territorio*. Hai xa trinta anos que se iniciaron os traballos do Atlas Lingüístico Galego (*ALGa*), que se viñeron sumar a unha vizosa tradición de estudos dialectolóxicos e achegaron datos nunha rede moito máis mesta cós anteriores. O *ALGa* permitiu que hoxe teñamos un coñecemento pormenorizado da variación xeográfica interna e que poidamos concibir unha visión do mapa dialectal de Galicia sobre unhas bases máis seguras do que se podía facer hai un cuarto de século. Produciuse tamén un adianto significativo no coñecemento da variación diatópica histórica no noso territorio, ó punto de que podemos albisar que ó longo dos séculos a división dialectal do territorio era en moitos aspectos coincidente co actual, a pesar de se basear nun feixe de trazos completamente distinto.

Con ocasión deste simposio sobre *Lingua e Territorio* preténdese afondar nas razóns desta organización xeográfica que se manifesta a través da variación lingüística, e facelo coa axuda de especialistas de distintas disciplinas: historiadores, xeógrafos, etnógrafos, antropólogos e xenetistas. Son dez conferencias do ámbito lingüístico e nove desde estes outros campos do saber.

Publicacións. — FRANCISCO FERNÁNDEZ REI (COORD.), *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Biblioteca Filolóxica Instituto da Lingua galega, 2003.

— Xoán BABARRO GONZÁLEZ, *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, 2 vols. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Biblioteca Filolóxica Instituto da Lingua galega, 2003; vol. 1, 582 p.; vol. 2, 521 p.

Esta obra é a primeira monografía científica que se ocupa da totalidade do galego falado nos 18 concellos da Terra Eo-Navia. No vol. 1 un apartado esencial é o da fronteira entre o galego oriental e o asturiano occidental, así como a detallada caracterización fonética e morfolóxica do galego eonaviego e as zonas dialectais existentes. O volume II é unha escolma de etnotextos recollidos en diferentes áreas e subáreas, cunha escolma de textos literarios de diversos escritores eonaviegos.

— ROSARIO ÁLVAREZ BLANCO / FRANCISCO FERNÁNDEZ REI / ANTÓN SANTAMARINA (EDS.), *A lingua galega: Historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996 Santiago de Compostela*, vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega, 2004, 609 p.

En 1996, ó cumprírense, 25 anos da fundación do ILG, celebrouse un congreso cun programa científico con 10 conferencias plenarias, 4 mesas redondas e 194 relatorios. Nos temas tratouse a lingua galega en todos os seus aspectos: historia interna e externa, gramática, fonética, dialectoloxía, onomástica, estilística, semántica, sociolingüística, contacto lingüísticos, planificación (do corpus e do status), didáctica, edición de textos e traballos en curso. Razóns

moi variadas impediron que só en 2004 comezara a edición das actas dese congreso, en colaboración co Consello da Cultura Galega.

Hai traballos que sen dúbida avelloaron, mais mesmo nestes quen estude aspectos como a historia externa do galego ha de achar datos de interese. Outros teñen pleno vigor, como son os que teorizan ou describen aspectos máis permanentes da lingua, como é a súa fonética, a súa evolución, o seu léxico ou os seus textos.

Hai case cen anos (outubro 1906), celebrouse o Primer Congreso Internacional de la Lengua Catalana organizado por Mn. Alcover, que marcou un fito na historia da lingüística catalá por ser o xermolo de diversas empresas moi importantes. As situacións non son comparables, entre outros motivos porque para o galego en 1996 xa había moitas iniciativas acometidas, unhas polo propio ILG e outras fóra deste instituto universitario. Porén, foi un encontro moi fructífero, de aí a publicación das actas.

Este vol. I ábrese cos textos dos actos de inauguración e clausura, seguida da conferencia inaugural de Antón Santamarina sobre os 25 anos do ILG e das 4 mesas redondas: lingua galega e ensino (Antón Costa, Agustín Fernández Paz, Manuel Portas e Henrique Harguindey), lingua galega e literatura (Xoán González Millán, Darío Xohán Cabana, Antón Figueroa, Xosé Luís Méndez Ferrín e Antón Reixa), lingua galega e medios de comunicación (Manuel Rivas, Juan Cueto, Jaume Guillamet e Margarita Ledo) e situación sociolingüística do galego (Henrique Monteagudo, Johannes Kabatek e Mauro Fernández). A seguir figuran 25 relatorios da sección de sociolingüística e 10 da sección de contacto lingüístico.

Prevese que o vol. II saia do prelo antes de finais do 2004, e os vol. III e IV a comezos do 2005. [F. F.-R.]